



Concello de  
**OURENSE**

## **33/21.- ACTA ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 05 DE AGOSTO DE 2021**

Na cidade de Ourense, o cinco de agosto de 2021, sendo as oito horas e trinta minutos (08h:30'), reúnese a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria en primeira convocatoria, na Casa do Concello, cos seguintes asistentes: Excmo. Sr Alcalde-Presidente: **D. Gonzalo Pérez Jácome**. Srs/as. Concelleiros/as: **D. Telmo Manuel Ucha Álvarez, don Jorge Pumar Tesouro, dona Ana María Fernández Morenza, e don Armando Ojea Bouzo**, que actúa como Concelleiro-Secretario da Xunta, -non asistindo **dona Flora Moure Iglesias**- -asisten como invitados: O Oficial maior accidental, don Javier Freire Gallego e o Interventor municipal, don Gonzalo Alonso Álvarez -non asisten o Asesor xurídico, don Juan Ramón Costas Núñez e a letrada, dona Ana Blanco Nespereira-; ao obxecto de examinar os asuntos incluídos na orde do día e seguindo os informes dos pertinentes Servizos municipais, sobre os que se adoptaron os seguintes acordos:

### **APROBACIÓN ACTA**

**1.- Aprobouse** por unanimidade dos asistentes (5 votos a favor), a acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de 29 de xullo de 2021.

### **SERVIZO DE LICENZAS URBANÍSTICAS, DE ACTIVIDADE, APERTURA E DISCIPLINA**

#### **LICENZAS**

**2.- Don ROBERTO ÁLVAREZ REYES e dona ÁNGELES RODRÍGUEZ MOLEDO.- Licenza urbanística de obra para proxecto básico e de execución de rehabilitación de vivenda no Lugar de Sistís, 13, Santa Cruz de Arrabaldo.- Exptes 2019041368 – 2020022721**

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (5 votos a favor), acordou:

**1.- Conceder** a don Roberto Álvarez Reyes e dona Ángeles Rodríguez Moledo, licenza urbanística de obra para proxecto básico e de execución de rehabilitación de vivenda unifamiliar sita no Lugar de Sistís número 13, Santa Cruz de Arrabaldo, en solo de núcleo rural ordenanza 2, consonte ó proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto don José Manuel Iglesias Araujo, quen asume a dirección facultativa das obras, asumindo a dirección técnica das mesmas e a coordinación en materia de seguridade e saúde o arquitecto técnico don Julio Marquina Fuentes, e cun orzamento de execución material de 91.530 Euros.

As obras conterán as condicións fixadas nos informes técnicos do Arquitecto Municipal de datas 5 de novembro de 2020 e o 31 de maio de 2021, que trasladaranse ó interesado para o seu cumprimento.

**2.- Requerir** ó solicitante para que unha vez rematadas as obras achegue certificado final de obra de técnico competente no que conste que as obras están completamente rematadas e axustadas á licenza outorgada, e se comunique a data a partir da cal poderá xirarse visita de comprobación.



O presente acordo tómase en base ós informes técnicos do Arquitecto Municipal de datas 5 de novembro de 2020 e o 31 de maio de 2021 e ó informe xurídico de data 28 de xullo do 2021, que trasladaranse ós interesados ós efectos de motivación.

**Réxime de recursos:** Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer alternativamente recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas; ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpoñer vostede calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

### **Condições xerais:**

1.- Conforme ao disposto no artigo 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, o prazo de iniciación das obras é de 6 meses contados a partires do día seguinte do que se reciba o presente documento e despois de comezadas as obras non poderán suspenderse por un período superior a seis meses (salvo resolución xudicial).

Asi mesmo, o prazo de terminación das obras é de tres anos contados do mesmo xeito que o sinalado no parágrafo anterior.

A administración poderá conceder prórrogas dos referidos prazos, previa solicitude expresa, sempre que a licenza fose conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga non poderá concederse por prazo superior ao inicialmente acordado.

A caducidade da licenza será declarada pola Administración municipal previa tramitación dun procedemento con audiencia ao interesado.

2.- Rematadas as obras e dentro dos oito días seguintes, porao por escrito en coñecemento do Concello, previa retirada das madeiras, estadas e materiais sobrantes para deixar expedito o paso e limpa a rúa, que deberá repoñerse o seu estado anterior ás obras, substituindo o pavimento deteriorado ou que fose removido.

3.- O Alcalde, por si ou por medio dos técnicos municipais ou da Inspección Municipal de Obras, poderá visitar as obras cando o considere axeitado co fin de recoñecer o seu estado de construción e comprobar o cumprimento das condicións en que se concedeu esta licenza.

4.- Durante a execución das obras deberanse observar as seguintes prescricións:

En toda obra de nova planta ou de reforma é preceptiva a colocación de valo a unha altura mínima de 2,00 metros sendo a distancia ao bordo de 1,00 metro nas beirarrúas que teñan 2 ou máis e de 0,60 nas de menos. Se a rúa non ten beirarrúa, o valo colocarase á aliñación do edificio. Nos sitios onde exista beirarrúa de pedra, executarase a fábrica de ladrillo sobre un apoio ou zócolo non adherido ao pavimento, de xeito que poida demolerse o valo sen dano para a baldosa. A construción poderá ser de ladrillo revestido e branquexado, ou pranchas metálicas entrevigadas. Non se autorizan valos de madeira, aglomerado de madeira, canizos, arpilleiras, etc.

Para o acceso á obra, colocaranse portas de madeira ou metálicas, que abrirán cara a dentro.

Unha vez salvada a planta baixa, será obrigatoria a retirada do valo de protección, debendose substituír por outra aérea voada, construída de xeito que impida a caída de obxectos á rúa. O seu saínte será o ancho da beirarrúa cun máximo de 2 metros e a súa fronte e costados terán unha



altura mínima de dous metros. En cada unha das plantas haberá de colocarse unha rede protectora.

Queda prohibido depositar materiais fóra do valo de protección. A responsabilidade polo incumprimento da obriga a que se refire este apartado esixirase ao contratista das obras e subsidiariamente ao propietario, caso de ser distinto daquel.

Para a carga, descarga, depósito e labrado de materiais e extracción de entullos, aterase ás disposicións das Ordenanzas e da autoridade municipal.

En especial cumprase coa vixente Ordenanza Municipal de limpeza de terreos e solares e de protección contra incendios forestais.

Deberá darse cumprimento ó contemplado no Decreto 174/2005, de 9 de xuño, polo que se regula a produción e xestión de residuos de construción e demolición, debendo o produtor de residuos contar coa preceptiva autorización da Consellería de Medio Ambiente.

**3.- Dona ANA ISABEL DACASA ANTÓN.- Solicitud de prórroga de tres anos da licenza urbanística de obras concedida para construción de vivenda unifamiliar sita na rúa Antolín Losada Torvisco, 18.- Expte. Sección de Licenzas Urbanísticas 2016015382**

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (5 votos a favor), acordou:

**Único.- Conceder** a dona Ana Isabel Dacasa Antón, prórroga polo mais amplo prazo legal permitido, tres anos, para o remate das obras de construción dunha vivenda unifamiliar sita na rúa Antolín Losada Torvisco, número 18, amparadas na licenza municipal de obras número 90/18. Advertir expresamente a dona Ana Isabel Dacasa Antón, que de conformidade co artigo 145 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, non concederá nova prórroga da licenza de obras de construción de vivenda unifamiliar sita na rúa Antolín Losada Torvisco, número 18, amparadas na licenza municipal de obras núm. 90/18, se non se remata a edificación exteriormente.

O presente acordo tómase en base ós informes da Arquitecta Municipal de data 27 de xullo do 2021 e ó informe xurídico de data 28 de xullo do 2021, que trasladaranse ó interesado ós efectos de motivación.

**Réxime de recursos:** Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer alternativamente recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas; ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpoñer vostede calquera outro recurso ou acción que estime procedente.



**4.- Dona ANA ISABEL DACASA ANTÓN.- Solicitud de prórroga de seis meses para o inicio das obras concedidas en virtude da licenza urbanística de demolición de construción existente sita na rúa Antolín Losada Torvisco, 18.- Expte. Sección de Licenzas Urbanísticas 2016023030**

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (5 votos a favor), acordou:

**Único.- Conceder** a dona Ana Isabel Dacasa Antón, prórroga polo mais amplo prazo legal permitido de seis meses para o inicio das obras maiores de demolición de construción existente sita na rúa Antolín Losada Torvisco, número 18, amparadas na licenza municipal de obras número 48/18.

O presente acordo tómase en base ós informes da Arquitecta Municipal de data 27 de xullo do 2021 e ó informe xurídico de data 28 de xullo do 2021, que trasladaranse ó interesado ós efectos de motivación.

**Réxime de recursos:** Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer alternativamente recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas; ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpoñer vostede calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

**5.- Dona FLORENTINA PELIQUÍN PÉREZ.- Licenza urbanística de obra de rehabilitación de vivenda unifamiliar en Turei.- Exptes Sección de Licenzas Urbanísticas 2015029834 – 2016028024**

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (5 votos a favor), acordou:

**1.- Conceder** a Florentina Peliquín Pérez, licenza de obra de rehabilitación de vivenda unifamiliar en Turei de Ourense, consonte ao proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto don Rafael Rodríguez Varela, quen asume a dirección de obra, cun presuposto de execución material de 55.000 euros, de conformidade co informe técnico de data 14/02/2019, a resolución 04/12/2019 da xefa territorial de Ourense, por Orde da directora xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia e ó informe xurídico de 19/05/2021 que se xuntan a efectos de motivación.

**2.- Requerir** ó solicitante para que unha vez rematadas as obras achegue certificado final de obra de técnico competente no que conste que as obras están completamente terminadas e axustadas á licenza outorgada, e comunique a data a partir da cal poderá xirarse visita de comprobación.

**RÉXIME DE RECURSOS-** Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer alternativamente recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas; ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto





expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpoñer vostede calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

**Condicións Xerais:**

1.- Conforme ao disposto no artigo 145 da Lei 2/2016, 10 de febreiro, do Solo de Galicia, o prazo de iniciación das obras é de 6 meses contados a partires do día seguinte ó que se reciba o presente documento, non podendo interromperse por tempo posterior a seis meses.

Ase mesmo, o prazo de terminación das obras é de tres anos contados do mesmo xeito que o sinalado no parágrafo anterior.

A administración poderá conceder prórrogas dos referidos prazos, previa solicitude expresa, sempre que a licenza fose conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga non poderá concederse por prazo superior ao inicialmente acordado.

A caducidade da licenza será declarada pola Administración municipal previa tramitación dun procedemento con audiencia ao interesado.

2.- Rematadas as obras e dentro dos oito días seguintes, porao por escrito en coñecemento do Concello, previa retirada das madeiras, estadas e materiais sobrantes para deixar expedito o paso e limpa a rúa, que deberá repoñerse o seu estado anterior ás obras, substituíndo o pavimento deteriorado ou que fose removido.

3.- O Alcalde, por si ou por medio dos técnicos municipais ou da Inspección Municipal de Obras, poderá visitar as obras cando o considere convinte co fin de recoñecer o seu estado de construción e comprobar o cumprimento das condicións en que se concedeu esta licenza.

4.- Durante a execución das obras deberanse observar as seguintes prescricións:

En toda obra de nova planta ou de reforma é preceptiva a colocación de valo a unha altura mínima de 2,00 metros sendo a distancia ao bordo de 1,00 metro nas beirarrúas que teñan 2 ou máis e de 0,60 nas de menos. Se a rúa non ten beirarrúa, o valo colocarse á aliñación do edificio. Nos sitios onde exista beirarrúa de pedra, executarase a fábrica de ladrillo sobre un apoio ou zócolo non adherido ao pavimento, de xeito que poida demolerse o valo sen dano para a baldosa. A construción poderá ser de ladrillo revestido e branquexado, ou pranchas metálicas entevigadas. Non se autorizan valos de madeira, aglomerado de madeira, canizos, arpilleiras, etc.

Para o acceso á obra, colocaranse portas de madeira ou metálicas, que abrirán cara a dentro.

Unha vez salvada a planta baixa, será obrigatoria a retirada do valo de protección, debendo substituírse por outra aérea voada, construída de xeito que impida a caída de obxectos á rúa. O seu saínte será o ancho da beirarrúa cun máximo de 2 metros e a súa fronte e costados terán unha altura mínima de dous metros. En cada unha das plantas haberá de colocarse unha rede protectora.

Queda prohibido depositar materiais fóra do valo de protección. A responsabilidade polo incumprimento da obriga a que se refire este apartado esixirase ao contratista das obras e subsidiariamente ao propietario, caso de ser distinto daquel.



Para a carga, descarga, depósito e labrado de materiais e extracción de entullos, aterase ás disposicións das Ordenanzas e da autoridade municipal.

Deberá darse cumprimento ó contemplado no Decreto 352/2002 de 5 de decembro polo que se regula a produción de residuos de construción e demolición, debendo o produtor de residuos contar coa preceptiva autorización da Consellería de Medio Ambiente.

**6.- D<sup>a</sup> María Nieto Eiriz, licenza de obra en vía de legalización para as obras realizadas sen a correspondente licenza urbanística e para as actuacións restantes no inmovible sito na rúa Imprenta, 7. Expte. Sección Licenzas Urbanísticas 2020029698.**

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (5 votos a favor), acordou:

**1.- Conceder** a María Nieto Eiriz, con NIF \*\*\*50.09\*\*, licenza de obra en vía de legalización para as obras realizadas sen a correspondente licenza urbanística e para as actuacións restantes no inmovible sito na Rúa da Imprenta nº 7 de Ourense (con referencia catastral 3877714NG9837N), consonte ao proxecto redactado polo arquitecto J. Javier Abelairas Rey, cun orzamento de 57.800,00 euros, e de conformidade co informe técnico de data 14 de xullo de 2021 e co xurídico de 29 de xullo de 2021, dos que se achega copia a efectos de motivación.

**2.- Requerir** ao solicitante para que unha vez rematadas as obras achegue certificado final de obra de técnico competente no que conste que as obras están completamente rematadas e axustadas á licenza outorgada, e comunique a data a partir da cal poderá xirarse visita de comprobación por tódolos técnicos municipais ou sectoriais que informaron o proxecto.

**3.- Dar** traslado á sección de Disciplina Urbanística da presente resolución así como dos informes nos que se fundamenta co fin de que se incorporen ao expediente DU núm. 2020007120 aos efectos oportunos.

**Rexime de recursos:** Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer alternativamente recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas; ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpoñer vostede calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

**Condicións Xerais:**

1.- Conforme ao disposto no artigo 145 da Lei 2/2016, 10 de febreiro, do Solo de Galicia, o prazo de iniciación das obras é de 6 meses contados a partires do día seguinte ó que se reciba o presente documento, non podendo interromperse por tempo posterior a seis meses.

Ase mesmo, o prazo de terminación das obras é de tres anos contados do mesmo xeito que o sinalado no parágrafo anterior.

A administración poderá conceder prórrogas dos referidos prazos, previa solicitude expresa, sempre que a licenza fose conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga non poderá concederse por prazo superior ao inicialmente acordado.

A caducidade da licenza será declarada pola Administración municipal previa tramitación dun procedemento con audiencia ao interesado.





2.- Rematadas as obras e dentro dos oito días seguintes, porao por escrito en coñecemento do Concello, previa retirada das madeiras, estadas e materiais sobrantes para deixar expedito o paso e limpa a rúa, que deberá repoñerse o seu estado anterior ás obras, substituíndo o pavimento deteriorado ou que fose removido.

3.- O Alcalde, por si ou por medio dos técnicos municipais ou da Inspección Municipal de Obras, poderá visitar as obras cando o considere convinte co fin de recoñecer o seu estado de construción e comprobar o cumprimento das condicións en que se concedeu esta licenza.

4.- Durante a execución das obras deberanse observar as seguintes prescricións:

En toda obra de nova planta ou de reforma é preceptiva a colocación de valo a unha altura mínima de 2,00 metros sendo a distancia ao bordo de 1,00 metro nas beirarrúas que teñan 2 ou máis e de 0,60 nas de menos. Se a rúa non ten beirarrúa, o valo colocarase á aliñación do edificio. Nos sitios onde exista beirarrúa de pedra, executarase a fábrica de ladrillo sobre un apoio ou zócolo non adherido ao pavimento, de xeito que poida demolerse o valo sen dano para a baldosa. A construción poderá ser de ladrillo revestido e branquexado, ou pranchas metálicas entrevigadas. Non se autorizan valos de madeira, aglomerado de madeira, canizos, arpilleiras, etc.

Para o acceso á obra, colocaranse portas de madeira ou metálicas, que abrirán cara a dentro.

Unha vez salvada a planta baixa, será obrigatoria a retirada do valo de protección, debendo substituírse por outra aérea voada, construída de xeito que impida a caída de obxectos á rúa. O seu saínte será o ancho da beirarrúa cun máximo de 2 metros e a súa fronte e costados terán unha altura mínima de dous metros. En cada unha das plantas haberá de colocarse unha rede protectora.

Queda prohibido depositar materiais fóra do valo de protección. A responsabilidade polo incumprimento da obriga a que se refire este apartado esixirase ao contratista das obras e subsidiariamente ao propietario, caso de ser distinto daquel.

Para a carga, descarga, depósito e labrado de materiais e extracción de entullos, aterase ás disposicións das Ordenanzas e da autoridade municipal.

Deberá dar debido cumprimento á Ordenanza municipal de Limpeza vixente.

Deberá darse cumprimento ó contemplado no Decreto 174/2005 de 9 de xuño polo que se regula a produción de residuos de construción e demolición, debendo o produtor de residuos contar coa preceptiva autorización da Consellería de Medio Ambiente.

**7.- D. Isidro Lista Araújo, proxecto de rehabilitación de vivenda unifamiliar sita na rúa Maior, 13 Seixalbo. Expte. Sección Licenzas Urbanísticas 2021024324.**

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (5 votos a favor), acordou:

**1.- Conceder** a Isidro Lista Araújo, con NIF \*\*\*63.72\*\*, representado por Víctor Grande Nieto, con NIF \*\*\*80.26\*\*, licenza de obra para proxecto de rehabilitación da vivenda unifamiliar sita na rúa Maior nº 13 de Seixalbo, Ourense (con referencia catastral 4445018NG9844N0001XW), consonte



ao proxecto redactado polo arquitecto Víctor Grande Nieto, quen asume a dirección de obra, asumindo a dirección de execución material e a coordinación de seguridade o arquitecto técnico Andrés Doforno Novoa, cun orzamento de execución material de 46.194,11 euros, e de conformidade co informe técnico de data 15 de xuño de 2021, co do xefe do departamento de Arqueoloxía de data 17 de xuño de 2021, co ditamen da CTMPBC de 9 de xullo de 2021 e co informe xurídico de data 28 de xullo de 2021, dos que se achega copia a efectos de motivación.

**2.- Requerir** ao solicitante para que notifique aos técnicos do Servizo de Rehabilitación, VPP e PERIS, vía Rexistro Municipal e con ao menos 7 días de antelación, o comezo das obras proxectadas para determinar se existen elementos susceptibles de ser conservados.

**3.- Requerir** ao solicitante para que notifique ao Departamento de Arqueoloxía, vía Rexistro Municipal e con ao menos 7 días de antelación, o comezo das obras proxectadas co fin de levar a cabo o seguimento correspondente. Do mesmo xeito deberán comunicar por escrito ao citado departamento a data de finalización das obras que impliquen remocións.

**4.- Requerir** ao solicitante para que unha vez rematadas as obras achegue certificado final de obra de técnico competente no que conste que as obras están completamente rematadas e axustadas á licenza outorgada, e comunique a data a partir da cal poderá xirarse visita de comprobación por tódolos técnicos municipais ou sectoriais que informaron o proxecto. Xunto co final de obra os interesados deberán achegar a documentación enumerada polo arquitecto municipal no seu informe de data 15 de xuño de 2021.

**Réxime de recursos:** Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer alternativamente recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas; ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpoñer vostede calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

#### **Condicións Xerais:**

1.- Conforme ao disposto no artigo 145 da Lei 2/2016, 10 de febreiro, do Solo de Galicia, o prazo de iniciación das obras é de 6 meses contados a partires do día seguinte ó que se reciba o presente documento, non podendo interromperse por tempo posterior a seis meses.

Ase mesmo, o prazo de terminación das obras é de tres anos contados do mesmo xeito que o sinalado no parágrafo anterior.

A administración poderá conceder prórrogas dos referidos prazos, previa solicitude expresa, sempre que a licenza fose conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga non poderá concederse por prazo superior ao inicialmente acordado.

A caducidade da licenza será declarada pola Administración municipal previa tramitación dun procedemento con audiencia ao interesado.

2.- Rematadas as obras e dentro dos oito días seguintes, porao por escrito en coñecemento do Concello, previa retirada das madeiras, estadas e materiais sobrantes para deixar expedito o paso e limpa a rúa, que deberá repoñerse o seu estado anterior ás obras, substituíndo o pavimento deteriorado ou que fose removido.







3.- O Alcalde, por si ou por medio dos técnicos municipais ou da Inspección Municipal de Obras, poderá visitar as obras cando o considere convinte co fin de recoñecer o seu estado de construción e comprobar o cumprimento das condicións en que se concedeu esta licenza.

4.- Durante a execución das obras deberanse observar as seguintes prescricións:

En toda obra de nova planta ou de reforma é preceptiva a colocación de valo a unha altura mínima de 2,00 metros sendo a distancia ao bordo de 1,00 metro nas beirarrúas que teñan 2 ou máis e de 0,60 nas de menos. Se a rúa non ten beirarrúa, o valo colocarse á aliñación do edificio. Nos sitios onde exista beirarrúa de pedra, executarase a fábrica de ladrillo sobre un apoio ou zócolo non adherido ao pavimento, de xeito que poida demolerse o valo sen dano para a baldosa. A construción poderá ser de ladrillo revestido e branquexado, ou pranchas metálicas entrevigadas. Non se autorizan valos de madeira, aglomerado de madeira, canizos, arpilleiras, etc.

Para o acceso á obra, colocaranse portas de madeira ou metálicas, que abrirán cara a dentro.

Unha vez salvada a planta baixa, será obrigatoria a retirada do valo de protección, debendo substituírse por outra aérea voada, construída de xeito que impida a caída de obxectos á rúa. O seu saínte será o ancho da beirarrúa cun máximo de 2 metros e a súa fronte e costados terán unha altura mínima de dous metros. En cada unha das plantas haberá de colocarse unha rede protectora.

Queda prohibido depositar materiais fóra do valo de protección. A responsabilidade polo incumprimento da obriga a que se refire este apartado esixirase ao contratista das obras e subsidiariamente ao propietario, caso de ser distinto daquel.

Para a carga, descarga, depósito e labrado de materiais e extracción de entullos, aterase ás disposicións das Ordenanzas e da autoridade municipal.

Deberá dar debido cumprimento á Ordenanza municipal de Limpeza vixente.

Deberá darse cumprimento ó contemplado no Decreto 174/2005 de 9 de xuño polo que se regula a produción de residuos de construción e demolición, debendo o produtor de residuos contar coa preceptiva autorización da Consellería de Medio Ambiente.

**8.- D<sup>a</sup> Yolanda Rivero Rivero e D. Manuel García Álvarez, proxecto reformado de proxecto básico e de execución de construción de vivenda unifamiliar sita no Camiño de A Pedreira 3 -Seixalbo. Expte. Sección Licenzas Urbanísticas 2021026530.**

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (5 votos a favor), acordou:

**1.- Aprobar** a instancia de dona Yolanda Rivero Rivero e don Manuel García Álvarez, o proxecto reformado de proxecto básico e de execución de construción de vivenda unifamiliar sita no Camiño de A Pedreira número 3 -Seixalbo-, polo cal concedeuse a licenza de obras número 19/21, consonte ó proxecto reformado de proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto don Roberto González Fernández e cun orzamento de execución material reformado de 151.200,36 Euros.

As obras conterán as condicións fixadas na licenza de obras 19/21 e nos informes técnicos do Arquitecto Municipal de data 30 de xullo do 2021 e no informe de data 6 de novembro do 2020 da



Enxeñeira Municipal do Servizo de Infraestruturas elaborado no expediente 2019040606, que trasladaranse ós interesados para o seu cumprimento.

**2.- Requerir** ó solicitante para que unha vez rematadas as obras achegue certificado final de obra de técnico competente no que conste que as obras están completamente rematadas e axustadas á licenza outorgada, e se comunique a data a partir da cal poderá xirarse visita de comprobación.

O presente acordo tómase en base ós informes do Arquitecto Municipal de data 30 de xullo do 2021 e ó informe xurídico de data 30 de xullo do 2021, que trasladarase ós interesados ós efectos de motivación.

**Réxime de recursos:** Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer alternativamente recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas; ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpoñer vostede calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

## **DISCIPLINA**

### **9.- Expediente de Disciplina Urbanística 2020012066. Parte da Policía Local polos despredementos da fachada na rúa Burata nº 9.**

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (5 votos a favor), acordou:

**1.- Aprobar** a liquidación definitiva dos gastos que implicou a execución material das obras de demolición da vivenda sita rúa Burata número 9, -coa referencia catastral 001901800NG98E0001OU-, propiedade dos “Herdeiros de don don Joaquín Cruz Cid”, e que ascenden a cantidade de once mil catrocentos noventa e tres euros con setenta e nove céntimos (11.493,79 euros) (IVE incluído).

**2.- Requerir** ós “Herdeiros de don Joaquín Cruz Cid”, dona Mónica Cruz Diéguez (co DNI \*\*\*8631\*\*), dona Monserrat Cruz Diéguez (co DNI \*\*\*7605\*\*), don Manuel Seoane Cruz (co DNI \*\*\*8538\*\*) e dona Delfina Rodríguez Cruz (co DNI \*\*\*5763\*\*), como copropietarios da vivenda sita rúa Burata número 9 -coa referencia catastral 001901800NG98E0001OU-, para que procedan o abono da cantidade de once mil catrocentos noventa e tres euros con setenta e nove céntimos (11.493,79 euros) (IVE incluído), liquidación definitiva dos gastos que implicou a execución material das obras de demolición da vivenda referida, mediante carta de pagamento que se achega a esta resolución segundo as instrucións que esta contén.

**3.- Dar** traslado aos interesados do presente acordo así como do informe xurídico de data 29 de xullo do 2021, aos efectos de motivación.

**Réxime de recursos:** Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer alternativamente recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas; ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se optase por interpor o





recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpoñer vostede calquera outro recurso ou acción que estime procedente.”

### **SERVIZO DE REHABILITACIÓN, VPP E PERIS**

#### **10.- Convalidación da omisión da función interventora, concesión da subvención e aprobación do pago á Comunidade de propietarios de Avda Portugal, 77 para a instalación dun ascensor no seu edificio, na AARU do Polvorín Camelias, Carballeira, dentro do Plan vivenda 2018-2021. Expte 2020017461**

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (5 votos a favor), acordou:

**1.- Convalidar** a omisión da función interventora no expediente do servizo de Rehabilitación, VPP e PERIS núm. 2020017461.

**2.- Outorgar** definitivamente a subvención solicitada pola Comunidade de Propietarios Avda. de Portugal, 77, con NIF H-32433880, con cargo á partida orzamentaria N220 1522 78039 -Rehabilitación ARRU Polvorín, Camelias, Carballeira-5ª Fase, consonte ao Proxecto 19-2-13-02, A con núm. de operación 202100013694, para o financiamento das obras de instalación de ascensor no edificio de vivendas sito na Avenida de Portugal núm. 77 de Ourense, de acordo coa cualificación definitiva do IGVS, de data 19 de abril de 2021, por un importe de 30.037,04 €.

**3.- Recoñecer** a obriga de pago da subvención solicitada pola Comunidade de Propietarios Avda de Portugal, 77, con NIF H-32433880, con cargo á partida orzamentaria N220 1522 78039 -Rehabilitación ARRU Polvorín, Camelias, Carballeira-5ª Fase, consonte ao Proxecto 19-2-13-02, A con núm. de operación 202100013694, para o financiamento das obras de instalación de ascensor no edificio de vivendas sito na Avenida de Portugal núm. 77 de Ourense, de acordo coa cualificación definitiva do IGVS, de data 19 de abril de 2021, por un importe de 30.037,04 €.

**4.- Asumir** como parte integrante da presente resolución o informe xurídico de data 30 de xullo de 2021 a efectos de motivación.

**5.- Dar** traslado da presente resolución á Tesourería Municipal aos efectos oportunos.

**Réxime de recursos:** Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer alternativamente recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas; ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpoñer vostede calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

### **CONCELLERÍA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ**



**11.- Convocatoria para a selección de proxectos de accións formativo- participativas da Concellería de Participación Cidadá 2022. (Expediente 2021029587)**

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (5 votos a favor), acordou:

**1.- Aprobar** a convocatoria para a selección de proxectos formativo-participativos para Participación Cidadá para o ano 2022.

**2.- Ordenar** as súas publicacións na páxina web do Concello <https://www.ourense.gal/gl/areas/participacion-cidada> e no taboleiro de anuncios, <https://sede.ourense.gob.es/public/bulletin/bulletin-index.xhtml>

**CULTURA**

**12.- Modificación das bases e convocatoria de subvencións en especie da Concellería de Cultura do Concello de Ourense para adquisición de libros con destino a nenos e nenas empadroados no Concello de Ourense. (Expte. Núm. 2021005238)**

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (5 votos a favor), acordou:

**1.- Ampliar** ata o 31 de agosto de 2021 o prazo de adquisición de libros establecido nas bases e convocatoria de subvencións en especie da Concellería de Cultura para adquisición de libros con destino a nenos e nenas empadroados no Concello de Ourense aprobadas o 13 de maio de 2021 pola Xunta de Goberno Local.

**2.- Establecer** o sms como sistema complementario para a recepción do código alfanumérico e para a validación da compra por parte do do pai/nai ou titor do beneficiario.

**3.- Ordenar** a publicación da modificación das bases no Boletín Oficial da Provincia para o seu xeral coñecemento e efectos.

**PERSOAL E RECURSOS HUMANOS**

**13.- Abono de Costas Tribunal Superior de Xustiza de Galicia -Sala do Contencioso Administrativo-. Decreto de 15 de xullo 2020, peza de Taxación de Costas 37-2018 no recurso de Apelación 37/2018. Corrección erros.(Expte. Núm. 2021022011)**

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (5 votos a favor), acordou:

**Único.- Modificar** o Punto Primeiro do Acordo nº 11 da Xunta de Goberno Local de data 3 de xuño de 2021, no seguinte senso:

Onde di:

“Primeiro.- Aprobar e dispor do gasto e recoñecer a obriga a favor do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia Sala Contencioso-Administrativo con CIF nº S-1513002-D a cantidade de mil trescentos sesenta e dous euros con oitenta e seis céntimos de euro (1.362,86 €) na conta Xeral de Consignacións IBAN ES55 0049 3569 9200 0500 1274 consignado no número de conta-expediente número 1570-0000-95-037-18, con cargo á aplicación orzamentaria 120.9200.22639 (Abono de costas xudiciais) do orzamento municipal vixente. -Número de operación de retención de crédito 202100025675- en concepto de abono de costas conforme Decreto de tasación de costas 37-2018 no recurso de apelación 37-2018.”





Debe dicir:

“Primeiro.- Aprobar e dispor do gasto e recoñecer a obriga a favor do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia Sala Contencioso-Administrativo con CIF nº S-1513002-D, a cantidade de mil trescentos sesenta e dous euros con oitenta e seis céntimos de euro (1.362,86 €) na conta Xeral de Consignacións IBAN ES55 0049 3569 9200 0500 1274 consignado no número de conta-expediente número 1570-0000-95-0037-18, con cargo á aplicación orzamentaria 120.9200.22639 (Abono de costas xudiciais) do orzamento municipal vixente. -Número de operación de retención de crédito 202100025675- en concepto de abono de costas conforme Decreto de tasación de costas 37-2018 no recurso de apelación 37-2018.

**Réxime de recursos:** Este acto pon fin a vía administrativa e contra el poderase interpoñer alternativamente recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes contado a partires do día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administrativas públicas; ou ben interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo. Así mesmo, contra este poderase interpor directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses contados a partires do día seguinte ao da recepción da notificación, conforme o establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa. Se optase por interpoñer o recurso de reposición potestativo, non poderá interpor recurso contencioso administrativo ate que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso, sen prexuízo de que poida interpoñer vostede calquera outro recurso ou acción que estime procedente.”

### **SERVIZOS XERAIS**

#### **14.- Expte. 2021030486. Recoñecemento do gasto correspondente ao aluguer do local sito na rúa Arcediagos, 3-3º A, destinado ás agrupacións sindicais, a favor da sociedade "El Faisán Blanco".**

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (5 votos a favor), acordou:

**Primeiro.-** Convalidar a omisión da función interventora do acordo que modificou as condicións contractuais inicialmente pactadas, na que ante a necesidade da contención do gasto municipal e de racionalizar o uso dos recursos dos que dispón o Concello, dende as Concellerías de Recursos Humanos e Servizos xerais revisáronse os contratos de alugueiro adicados ós servizos sindicais, constatada a variación á baixa dos prezos do mercado de aluguer e segundo a negociación levada a cabo coa propiedade.

**Segundo.-** Aprobar e dispoñer o gasto e recoñecer a obriga a favor de “EL FAISAN BLANCO S.L.”, con CIF número B32493496, dunha indemnización substitutoria por importe de 2.349,95 euros ive incluído, con cargo á aplicación orzamentaria 120 9200 20200 do orzamento vixente en concepto de abono de 5 mensualidades (febreiro a xullo de 2021), do contrato de aluguer do local sito na rúa Arcedianos 3-3º andar letra A, para o aloxamento das entidades sindicais do Concello, correspondente ás seguintes facturas:



Nº	Expte.	Data
2021-2	2021009592	2 de marzo de 2021
2021-3	2021009582	2 de marzo de 2021
2021-5	2021028007	2 de xullo de 2021
2021-7	2021028006	2 de xullo de 2021
2021-8	2021028015	2 de xullo de 2021

**Terceiro.-** Dar traslado á Tesourería e á Intervención xeral ós efectos contables oportunos.

**15.- Darse por enterada** da información do Sr. Alcalde e Concelleiros de Área con Delegación, sobre resolucións adoptadas ata a data:

Dáse conta expresamente do seguinte Decreto de Alcaldía:

- Decreto núm. 2021005899, de delegación temporal de funcións da área de Urbanismo, Vivenda e Patrimonio, na concelleira dona Ana María Fernández Morenza.

E non habendo máis asuntos que tratar, o Excmo. Sr Alcalde-Presidente, levantou a sesión as oito horas e corenta minutos (8h:40'), do que como Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local dou fe.

